



Enquisa sobre a Sociedade da Información en Galiza: Empresas

Resumo executivo 2007



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



Enquisa ás Empresas

Resumo executivo

- Equipamento Tecnolóxico
- Acceso a Internet
- Tecnoloxía contratada e páxina web
- Xestión empresarial
- Software Libre e Seguridade
- Compravenda en Internet
- Persoal e investimento TIC

Nota metodolóxica

A enquisa a Empresas sobre a Sociedade da Información en Galiza, realizouse entre o 2 de outubro de 2007 e o 29 de febreiro de 2008. O deseño e execución da enquisa responde aos seguintes criterios técnicos:

- **Ámbito:** Galiza.
- **Universo:** Empresas con establecementos en Galiza, cunha actividade principal que corresponda aos epígrafes CNAE do 10 ao 32, 37, 40 e 41, 45, do 50 ao 52, 55, do 60 ao 63, do 64 ao 67, do 70 ao 74, do 80 ao 85, 90, 93, 92,1 e 92,2, definindo así un conxunto convencional de actividades industriais e de servizos; un universo cifrado en 77.896 unidades.
- **Tipo de enquisa:** Por medios postais, con reforzo electrónico e telefónico.
- **Tamaño da mostra:** 984 entrevistas para o conxunto do tecido empresarial de Galicia
- **Mostra:** estratificada por 21 grupos de CNAE; por 6 estratos determinados polo número de empregados e por 5 estratos xeográficos – as 4 provincias e 1 máis correspondente ás empresas con domicilio social da sede principal situado fóra de Galiza.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5%, e considerando a variabilidade de proporcións máxima - $p=q=50\%$ -, o erro estatístico máximo global é do $\pm 3,2\%$ no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variable de proporcións.


Para compensar as desviacións entre o tamaño dos estratos no deseño mostral e na mostral real resultante, realizouse unha ponderación dos datos.

Equipamento Tecnolóxico

A gran maioría das empresas de Galiza dispoñen de ordenador (88,3%) e fax (79,9%). Máis da metade teñen rede de área local (LAN) e telefonía móbil para comunicacións de voz.


Preto do 40% das empresas galegas contan con centraliña telefónica e con servidores para bases de datos, aplicacións e arquivos.

Os equipamentos que presentan un menor nivel de penetración nas empresas galegas son a Intranet corporativa, a rede de área local sen fíos, a telefonía móbil para comunicacións de datos e videoconferencia.



Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Acceso a Internet contratado



Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

O 77,1% das empresas galegas dispón de acceso a Internet, proporción que ascende ata o 93,2% entre as de 10 e máis empregados.

O 52,3% do conxunto do tecido empresarial galego ten acceso a Internet a través de banda larga. Esta porcentaxe modúlase significativamente segundo a dimensión das empresas. Nas empresas de menos de 10 empregados/as a proporción sitúase no 49,1% e nas de 10 e máis traballadores/as ascende ata o 70,9%

Acceso a Internet mediante banda larga




Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

¹ Aplicase o termo “banda larga” ás conexións de datos permanentes cunha taxa de transferencia igual ou superior a 512 Kbps nalgúns dos dous sentidos.

Tecnoloxía contratada e páxina web

Modalidade de acceso a Internet contratada




A conexión ADSL é claramente predominante no sector empresarial de Galiza: o 55% das empresas dispón desta tecnoloxía e, en segundo lugar, sitúase o cable (10,1%). A telefonía básica e o RDSI teñen xa escasa presenza, 6,5% e 4,4% respectivamente.

Base: total empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Un 29,4% das empresas galegas dispón de páxina web. Constátase un aumento moi significativo da porcentaxe de empresas con páxina web a medida que aumenta o tamaño da empresa. Só un 25% das compañías de menos de 10 traballadores/as teñen páxina web mentres que todas as compañías de 100 ou máis traballadores/as dispoñen dela.

Dispoñibilidade de páxina web



Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Páxina web segundo o número de empregados




Base: Total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Xestión empresarial


Emprego de ferramentas informáticas de xestión

Os sistemas informáticos destinados á xestión contable e financeira, seguidos polos de xestión de clientes e fornecedores son os máis frecuentes no conxunto do tecido empresarial, 66,5% e 62,4% respectivamente. Un 58,9% das empresas dispón tamén de sistemas para a xestión administrativa de vendas e compras, sendo menos habituais os sistemas para a xestión de produción e de loxística, ambos os dous situados en torno a un 29%.



Base: total de empresas con ordenador
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Emprego de facturación electrónica




Existe unha reducida implantación da facturación electrónica: só o 5% das empresas galegas empregan a factura electrónica, proporción que ascende lixeiramente ata o 7,3% nas empresas de 10 e máis empregados.

Base: total de empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Software Libre e Seguridade

Emprego de software libre



Base: total de empresas
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Un 13,1% do total das empresas de Galiza empregan software libre nos seus sistemas operativos. O 12,8% fai uso deste tipo de software nos paquetes de ofimática.

A implantación de software libre nos servidores e aplicacións de xestión sitúase no 9%.

Emprego de elementos de seguridade actualizados

Elementos de seguridade	Empresas con menos de 10 empregados/as	Empresas con 10 ou máis empregados/as	TOTAL DE EMPRESAS
Software antivirus ou similar	92,7	96,8	93,4
Devasa (firewall)	55,8	68,3	58
Servidor seguro	32,5	56,4	36,6
Mecanismos de copia de seguridade off-site	45,9	61,7	48,7
Encriptación de datos	13,6	24,9	15,6
Mecanismos de autenticación mediante sinatura electrónica	26,5	33,0	27,6
Outros mecanismos de autenticación (nº PIN ou usuario/a contrasinal)	51,0	59,4	52,5
Arquivos informáticos con datos de carácter persoal rexistrados na Axencia de Protección de Datos	25,1	44,5	28,5

Base: total empresas que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Entre os distintos elementos de seguridade, a práctica totalidade das empresas ten actualizado o antivirus (93,4%); observándose unha menor presenza doutros mecanismos, como a devasa (58%).

Compravenda en Internet

Compras a través de Internet

Un 25,5% das empresas realizou compras a través de Internet nos últimos doce meses. Nas empresas de 10 e máis empregados a porcentaxe sitúase no 32,1%.

As compras a través da Rede representan o 17,8% do total das compras que realizan as empresas galegas.



Base: total empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007


Porcentaxe media de compras realizadas a través de Internet sobre o total de compras

17,8

Base: empresas que realizaron compras a través de Internet nos últimos doce meses
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007

Vendas a través de Internet

Máis reducida é a porcentaxe que emprega Internet para efectuar vendas (9,6%), as cales representan o 17,5% da facturación total da compañía.



Base: total empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007


Porcentaxe media das vendas realizadas a través de Internet sobre a facturación total da compañía

17,5

Base: empresas que venden a través de Internet nos últimos doce meses
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007


Persoal e investimento TIC

Empresas que empregan persoal TIC



Base: total empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Distribución dos postos de traballo directamente relacionados coas TIC segundo xénero



Base: total empresas con persoal propio con funcións TIC
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Un 8,2% das empresas contan con persoal que desenvolve funcións TIC, sendo esta porcentaxe superior (20,6%) no caso das empresas de máis de 10 empregado/as. Pode constatarase a persistencia da fenda de xénero neste sector: 3 de cada 4 postos de traballos directamente relacionados coas TIC están ocupados por homes.

Empresas que facilitaron formación TIC ao persoal no último ano



Base: total empresas
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Un 10,7% das empresas indica que os/as seus/súas traballadores/as asistiron no último ano a actividades formativas relacionadas coas TIC, proporción que entre as de máis de 10 empregados/as ascende ata o 21,8%.

A cantidade media anual que o tecido empresarial destinou á formación TIC o ano pasado foi de 1.480 euros.